



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO PARA O FINANCIAMENTO DURANTE O 2024 DE PARTE DOS SEUS GASTOS CORRENTES, DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS GASTOS DE CAPITAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ven de formalizar co Padroado do Museo do Pobo Galego o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades co Padroado do Museo do Pobo Galego no financiamento de parte dos seus gastos correntes, das actividades culturais e outros gastos de capital, para o ano 2024:

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar basease no seguinte:

Primeiro: A asociación "Padroado do Museo do Pobo Galego" foi constituída en Santiago de Compostela en 1976, cos obxectivos de investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega en todos os seus ámbitos; e concretamente, crear e desenvolver un museo ao servizo destes obxectivos.

O antigo convento de Santo Domingo de Bonaval acolle hoxe o Museo do Pobo Galego, que a través dun amplo e variado conxunto de pezas ofrece unha panorámica das manifestacións máis representativas da cultura propia de Galicia. mostran aspectos do mundo do mar, dos oficios tradicionais, do campo, da música, da indumentaria, do hábitat e da arquitectura, da sociedade, da memoria e da tradición. Tamén dispón de espazos de exposicións temporais de temática diversa, dun auditorio e de servizos museísticos de biblioteca, videoteca e arquivo gráfico e sonoro.

En base a isto, este convenio terá por obxecto contribuír ao financiamento de parte dos seus gastos de persoal así como doutros gastos para o funcionamento ordinario do museo e participar no financiamento do programa de investimentos previsto polo museo para o ano 2024, no que se recolle a realización de obras e instalacións nas dependencias do museo, exposicións, actividades didácticas, actividades propias de conservación, biblioteca, educación e accións culturais,





publicacións e comunicacións.

Segundo: A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos seus ámbitos de competencias amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.

Terceiro. De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública, por canto o Museo do Pobo Galego, de acordo co establecido no *Decreto 111/1993, do 22 de maio, polo que se recoñece ao Museo do Pobo Galego como centro sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia*, é considerado como cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos antropolóxicos de Galicia e ten recoñecida a competencia para actuar como centro sintetizador de todos os museos e coleccións, públicos e privados, integrados no sistema galego de museos destinados ao estudo, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropológico de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

